

Reformas arquitectónicas no mosteiro de Santa María de Meira en época moderna

Sonia Engroba Cabana

Introdución:

Son moi numerosas as teorías existentes sobre a orixe do mosteiro de Santa María de Meira. As primeiras noticias datan do ano 995 e fan referencia á igrexa de San Salvador de Meira e aos monxes que alí vivían segundo a observancia da Regra de San Benito e a autoridade do Abade Giraldo¹. Porén, a fundación do mosteiro cisterciense, como filial da casa matriz de Claraaval, dátase na primeira metade do século XII².

Será nos séculos medievais cando os mosteiros galegos sufran unha profunda decadencia, agudizada durante a segunda metade do século XV debido á política levada a cabo polos abades comendatarios,

ausentes dos seus mosteiros e máis preocupados polo aspecto económico que polo espiritual³. Nesta época, o mosteiro de Meira, lonxe de seguir esa tendencia, conquire un gran poder económico, concentrando a vida da comarca grazas ás doazóns e privilexios de que foi obxecto por parte da realeza galega e de certas persoas de clase media. Frei Damián recolle as doazóns que Afonso VII fai ao mosteiro e comenta que: “...*el lugar de Chain, en tierra de Crescente, así como la décima parte de las rentas y derechos precibidos por la corona en el puerto de Ribadeo.*” E sinala que tamén Fernando II, “...*a su paso por Lugo en 1159, les concedió exención de pago de peaje y portazgo en todo*

el reino, y en 1164 el lugar realengo de Coea, en tierra de Castroverde, con todos sus derechos”⁴.

Ao compás destas doazóns foron xurdindo centros agrícolas nestas terras, grazas á promoción que deles facían os monxes de Meira. Como consecuencia deste rápido crecemento do patrimonio monástico, que se evidencia a nivel xeral, no que cabe destacar dúas posesións máis, o mosteiro de **San Salvador de Ferreira de Pantón**⁵ e o mosteiro de **Moreira**⁶, a nobreza, ciumenta do capital adquirido, emprende loitas contra estes. Este conflito provoca a chegada a Galicia dos Reis Católicos en 1486, que constataron en persoa o estado de deterioro no que se atopa-

¹ SA BRAVO, H. de, *El monacato en Galicia*, Ed. Librigal, A Coruña, 1972, e SA BRAVO, H. de, *Monasterios III*, Cuadernos de Arte Gallego, A Coruña, 1965.

² Existen diversas hipóteses arredor da orixe do mosteiro. Así, dende o estudo publicado polo Instituto Padre Sarmiento (VV.AA., *Monasterios del Cister en Galicia*, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, VI Exposición con motivo del VIII centenario de la muerte de San Bernardo, Santiago de Compostela, 1953), ata as últimas publicacións, séguense considerando como factibles tres datas. En primeiro lugar, e intentando clarear se se trata dunha fundación nova ou dunha casa xa existente, Yepes data a orixe do Mosteiro na era 1035, ano 997. Este autor baséase nun documento procedente do Arquivo de Meira. (YEPES, Fr. A., *Crónica general de la Orden de San Benito*, Ed. por Frei Justo Pérez de Urbel, Madrid, 1959, páx. 341. Op. Cit. por VÁZQUEZ SACO, F., “Iglesia parroquial de Santa María de Meira” no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, T.V. pp. 41-45). Pola contra, frei Damián Yañez e a profesora Dolores Barral consideran pouco probable esta teoría alegando que Yepes non se baseou en documentos fidedignos senón nuns apuntamentos que lle enviaron os monxes. (BARRAL RIVADULLA, D. e YÁÑEZ NEIRA, Fr. D., “Santa María de Meira” en *Monasticón Cisterciense Gallego*, V.2, Caixavigo e Ourense, León, 2000, pp. 58-95). Por unha banda, Domínguez Casal considera a posibilidade de que a fonte en que se está baseando Yepes sexa errónea por omitir os CC, o que levaría a datar o documento no ano 1197. (DOMÍNGUEZ CASAL, Mª de las M., Op. Cit. por MARIÑO VEIRAS, D., *Señorío de Santa María de Meira ss. XII-XVI*, Ed. Nós, La Coruña, 1983, p. 159). A segunda data que se baralla é a de 1143, defendida por parte de autores cistercienses, que se apoian nas táboas do Císter, onde aparece recollida esta data, na cronoloxía das abadías saídas de Clairvaux e na lápida existente no claustro baixo do Mosteiro na que aparece gravado o ano de 1142. (MANRIQUE, Fr. A., *Annales Cistercienses*, Lugduni, 1642, p. 452. Op. Cit. por YÁÑEZ NEIRA, D., *El monasterio cisterciense y la villa de Santa María de Meira*, Servicio Publicaciones Diputación Provincial, Lugo, 1994, p. 10). Pola outra banda, outros estudosos engaden unha terceira data 1151-1154, que xustifican argumentando que o primeiro documento escrito de Meira, unha doazón pola cal Alfonso VII doa a Álvaro Rodríguez unhas terras desertas, é de 1151. Xa que logo, se en 1154 xa había una comunidade, o cenobio debeuse fundar entre eses anos. De aí que se atribúa a súa fundación aos condes de Sarria, Don Álvaro Rodríguez e a súa dona, Dona Sancha Fernández. (VV.AA., *Monasterios del Cister en Galicia...* p.13. BARRAL RIVADULLA, D., “El monasterio de Santa María de Meira. Crónica de la desaparición y recuperación de una fábrica”, en *Estudios sobre Patrimonio Artístico*, Ed. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2002, p. 611. “Meira, mosteiro de Santa María” en *Gran Enciclopedia Gallega Silverio Cañada*, T.XVIII, Lugo, 2003, pp. 248 y 249. YEPES, Frei A., Op. Cit. p. 341, Op. Cit. por VÁZQUEZ SACO, F., “Iglesia parroquial de...”. BARRAL RIVADULLA, D. e YÁÑEZ NEIRA, D., “Santa María de...”, p. 60. MARIÑO VEIRAS, D., Op. Cit. pp. 41-43. YÁÑEZ NEIRA, D., *El monasterio cisterciense...* p. 9. VALLE PÉREZ, J.C. Op. Cit. p. 153.)

³ FERNÁNDEZ CORTIZO, C., “Los monasterios cistercienses gallegos en tiempos de Felipe II”, en *Monasticum*, Ed. Rafael Fernández López, Santiago de Compostela, 1999, pp. 11- 43. FERNÁNDEZ CORTIZO, C., “La Orden de San Benito en la Galicia de la época moderna: la Reforma de la Congregación de Castilla y las visitas generales” en *Opus Monasticum*, Ed. Xunta de Galicia, 2005, pp. 23-62. FERNÁNDEZ CORTIZO, C., “La Reforma de las Órdenes de San Benito y del Císter en Galicia en tiempos de Carlos V” en *El Reino de Galicia en la época del emperador Carlos V*, Ed. Xunta de Galicia, 2000, pp. 23-62.

⁴ YÁÑEZ NEIRA, Frei D., Op. Cit. pp. 38 y 39.

⁵ Este mosteiro foi fundado por dona Fronilde Fernández, viúva do conde Fernando Ponce, da familia Ponce de Cabrera, fundadores de Morerueta (Zamora). YÁÑEZ NEIRA, Frei D. Op. Cit. p. 39.

ban os mosteiros galegos, aspecto do que é dabondo esclarecedora a **Bula de Inocencio VIII de 1487**.

Os Reis Católicos resolveron pedir axuda ao Papa para restaurar a observancia, ao mesmo tempo que ordenaban a devolución dos bens e propiedades que os nobres arrebataran aos mosteiros e a supresión das encomendas. Os Reis Católicos sentaron, así, as bases para unha reforma dirixida non só cara ao ámbito económico, senón tamén cara a vida monacal. Pretendían, en primeiro lugar, a liberdade económica dos mosteiros e o abandono definitivo das encomendas e ditan cartas, cédulas e providións reais declarando a súa intención de protexer os mosteiros galegos, confirmando todos os privilexios e exencións que lles foran concedidos polos seus antecesores no trono. En segundo lugar, buscaban corrixir a vida monacal volviendo á observancia regular, eliminando calquera tipo de privilexio, chegando

a expulsar aos abades, priores ou persoas que tivesen algún cargo no mosteiro cuxa conduta non se axustase ao cumprimento das obrigacións do seu cargo. Nesta mesma liña, conseguiron que as inspeccións fosen realizadas por bispos e superiores regulares con prerrogativas especiais, concedidas polos Papas, co fin de conseguir tales reformas⁷.

No caso concreto de Meira, os Reis Católicos ditaron, ao pouco de falecer Fr. Juan de Maxide⁸ unha providión real a través da que informaron ao gobernador e alcaldes de Galicia da súa intención de introducir a Reforma en Meira. Porén, a intención real non se viu cumprida de seguido debido ao xurdimento da figura do novo abade, membro da mesma familia ca dos dous anteriores no cargo, Fr. Ares de Maxide⁹. Yáñez Neira refírese a este Abade como “... *dinámico y emprendedor, celoso de los intereses de la abadía, pues los acrecentó*”¹⁰. Con todo, e

segundo Yáñez Neira, o mosteiro de Santa María de Meira adhírese á **Congregación de Castela** no 1503, ano en que Fr. Ares de Maxide renuncia á abadía, aínda que non de forma gratuíta, senón que esixiu unha importante recompensa (unha pensión por todos os días da súa vida e numerosas rendas), converténdose nun dos homes máis ricos de Galicia¹¹. Malia que foi en 1503 cando o abade firmou a súa renuncia e o mosteiro se agrega á Congregación de Castela, esta non tomou posesión da casa ata 1514, ano do pasamento de Ares de Maxide, debido a que este era propietario. Este atraso na incorporación é sinalado tamén por Valle Pérez, quen considera que Meira se integra na Congregación a comezos do século XVI¹², baseándose nas datas de 1508 indicada por Yepes ou 1514 defendida, neste caso, por Manrique e Martín¹³.

A partir da incorporación dos diferentes mosteiros á Congrega-

⁶ Antigo mosteiro de relixiosas que co tempo pasou a depender, en calidade de priorato, do de Meira. A primeira nova sobre este mosteiro data de 1283, ano no que “*la condesa doña Sancha con sus parientes, mandó a la religiosa doña Urraca la heredad de Moreyra, con todos sus términos y lugares, ríos y molinos, con condición que morase en él todos los días de su vida y sirviese a Dios en el dicho Monasterio de Moreyra, y estubiese sujeta y obediente al monasterio y Convento de Meyra, después de la muerte de dicha Urraca, viniese la heredad de Moreyra al dicho Monasterio y convento de Meyra*”. YAÑEZ NEIRA, D., Op. Cit. p. 34.

⁷ Sa Bravo destaca o feito de que aos Reis Católicos non lles agradaba a figura dos Abades Comendatarios nin que as visitas dos mosteiros galegos fosen realizadas por relixiosos estranxeiros. Preferían que este fose traballo dos monxes españois, tendo en conta sobre todo que en Castela xa se iniciara a reforma dos mosteiros beneditinos no Mosteiro de San Benito el Real de Valladolid e a dos mosteiros cistercienses en Monte Sión (Toledo) polo monxe Fr. Marín de Vargas. No Breve que expide o Papa Alexandro VI e que data de 26 de marzo de 1494, pódese ler como este Papa pide ao Abade de Poblet e ao Prior de San Benito de Valladolid que sexan eles mesmos os encargados de que se cumpra a reforma nos mosteiros cistercienses e beneditinos, respectivamente. SA BRAVO, H. de, Op. Cit. pp. 156-157.

⁸ Penúltimo abade perpetuo do Mosteiro de Meira segundo o Abadoloio reproducido por YAÑEZ NEIRA, Frei D., Op. Cit. pp. 68-72.

⁹ Último abade perpetuo do Mosteiro de Meira segundo o Abadoloio reproducido por YAÑEZ NEIRA. ÍDEM.

¹⁰ YAÑEZ NEIRA, Frei D., Op. Cit. p. 42.

¹¹ Yáñez Neira critica o afán capitalista dos abades equiparándoos cos señores feudais. YAÑEZ NEIRA, Frei D. Op. Cit. p. 43.

¹² Este historiador engade o feito de que a incorporación á Congregación coincide cun cambio de función dun dos tramos do templo que a partir de entón se adica a baptisterio, o mesmo acontece noutros mosteiros como Armenteira. A páa bautismal, datada no s. XVI, corroboraría esta suposición. VALLE PÉREZ, J. C., Op. Cit. p. 167.

¹³ VALLE PÉREZ, J.C., *La arquitectura cisterciense en Galicia*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña 1982. p. 182.

ción de Castela, no caso da Orde Cisterciense e da Casa de San Benito de Valladolid aos beneditinos, estes inmobles van sufrir unha nova fase construtiva co fin de adaptar as vellas dependencias ás novas demandas.

Arquitectura cisterciense na igrexa do mosteiro de Santa María de Meira.

A Igrexa¹⁴ é de época cisterciense¹⁵. Presenta a habitual orientación litúrxica, con planta de cruz latina dividida en tres naves de nove tramos cada unha. A central de dobre anchura cas laterais. O cruceiro destaca en planta, dunha soa nave e dividido en cinco tramos. Cabeceira con ábsida central semicircular, precedida dun tramo recto, flanqueado á súa vez por dúas capelas de planta rectangular a cada lado que presentan un testeiro común (fig. 1). O sistema de cubertas é a base de bóveda de canón apuntado na nave central e bóvedas de aresta nas laterais.

Os piares que separan as naves organízanse a partir dun núcleo cadrado ao que se lle engade unha columna por cada lado, menos no que




Fig. 1. Planta Mosteiro de Meira.

se corresponde co da nave central, xa que neste caso o fuste da columna non chega ao solo, orixinándose así unha planta en forma de “T”. O mesmo acontece nas igrexas de Poblet, La Espina, Veruela e outras abaciais (fig. 2).

Todas as naves reciben luz directa por medio de xanelas con derrame interno de arco de medio punto, que se corresponden con cada tramo¹⁶. As xanelas do lado da epístola son máis reducidas cás do lado do evanxeo.

Os brazos do cruceiro cóbrense con bóveda de canón apuntado sustentado por medio de arcos da mesma directriz que se apean sobre semicolumnas de diferentes características.

O corpo central do cruceiro cóbrense con bóveda estrelada. A ábsida central consta de tramo rectan-



Fig. 2. Interior. Igrexa de Meira.

gular e cabeceira semicircular, máis reducida, cubertos con bóveda de canón apuntado e cuarto de laranxa, respectivamente. Recibe iluminación directa a través dunha xanela con baquetón de medio punto sobre columnas esveltas, unha por cada lado. No testeiro sur ábrense tres xanelas e no norte unha. Todas con arco de medio punto e derrame interno. As ábsidas laterais cóbrense con bóveda de canón apuntada. Unha liña de imposta recorre os muros laterais da nave central e das absidiolas.

A organización do interior trádcese ó exterior. Así, os tramos das naves laterais márcanse por medio de contrafortes na mesma liña cós arcos faxóns do interior. En canto ós accesos, na fachada norte do cruceiro, flanqueada por contrafortes, ábrese a *Porta dos Mortos* cun arco de medio punto de dúas arquivoltas apeadas sobre semicolumnas, con ca-

¹⁴ Para un estudo máis detallado da igrexa medieval consúltase VALLE PÉREZ, J.C., *La arquitectura cisterciense en Galicia*, Ed. Colección “Obradoiro”, Santiago de Compostela, 1954. YZQUIERDO PERRÍN, Historia del Arte Gallego, Ed. Hércules, A Coruña. Así coma o estudo dun capitel do claustro medieval en VARELA ARIAS, M^a.E., *La escultura medieval en el Museo Provincial de Lugo: ensayo de catalogación*, tese de licenciatura inédita, Santiago de Compostela, 1984, n^o 13, pp. 63,65. Coord. CABARCOS FERNÁNDEZ, I., *Bases, fustes e capiteis*, Ed. Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 2005, pp. 85-87.

¹⁵ Yebra de Ares indica o 1246 como ano de construción da mesma, sendo mestre de obras o monxe Domingo Ibáñez e o ano de consagración o 1262. YEBRA DE ARES, A.B., “Arquitectura cisterciense en Santa María de Meira” en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, T. 6, 1993/1994, pp. 61-63. Dende o punto de vista arqueolóxico, Vázquez Saco sinala o primeiro estudo publicado por D. Carlos Arias, no xornal *El Regional*, de Lugo. Reproducido por *El Lucense*. Posteriormente, no 1897 Villaamil y Castro publica, neste mesmo xornal, un folleto de 51 páxinas, reproducido o mesmo ano no *Boletín da Real Academia de Belas Artes de San Fernando*, Abril-Xuño, que logo se inclúe no libro *Iglesias gallegas de la Edad Media*, Madrid, 1904, pp. 63-108. Seguindo unha orde cronolóxica, Lamperez estuda a igrexa de Meira en *Historia de la Arquitectura Cristiana Española*, T.III, pp. 362 e 363. Torres Balbás, L., *Monasterios cistercienses de Galicia*, Ed. “Colección Obradoiro”, Santiago de Compostela, 1954. Castillo, *Geografía del Reino de Galicia*, T. I, Generalidades, pp. 911 e 912.

¹⁶ Valle Pérez realiza unha análise pormenorizada do sistema de iluminación da igrexa medieval de Santa María de Meira. VALLE PÉREZ, J.C., Op. Cit.



Fig. 3. Claustro Procesional.

piteis de follas e bolas. A arquivolta interior posúe un tímpano liso sobre mochetas cunha escocia sen decoración. No lado da epístola, no tramo da nave lateral contiguo ó cruceiro ábrese a *Porta dos Monxes*. Componse dun arco de medio punto, entre arquivoltas de baquetón apeadas, a extrema nos muros e as restantes na columna.

A ábsida central da cabeceira divídese en tres tramos por medio de semicolumnas con capiteis de decoración vexetal. En cada tramo ábrese unha xanela con arco de medio punto formado por dúas arquivoltas con baquetón liso apeado sobre dous pares de columnas con capiteis con decoración vexetal.

Unha franxa lombarda recorre toda a cornixa da cabeceira sustentada por ménsulas esculpidas na súa maior parte con motivos xeométricos excepto unha decorada cunha cabeza de animal. Sobre a cabeceira semicircular e coincidindo co tramo recto do primeiro corpo da ábsida central érguese un piñón no que se abre unha xanela con arco de medio punto. Componse dunha arquivolta de ares-ta viva, perfilada por unha moldura

de medias canas, sobre columnas, unha por cada lado e capiteis con decoración vexetal.

As reformas en época moderna das dependencia monásticas:

1. O Claustro Procesional

Para o estudo da organización dos espazos monacais tomaremos como punto de partida os poucos vestixios conservados e a planta publicada por Villaamil en 1904. En dita planta pódese ver a igrexa medieval tal como hoxe se conserva (fig. 1).

As construcións comezaron, como é lóxico, polas dependencias que eran indispensables para o desenvolvemento diario da vida monástica: os claustros Procesional e da Hospedaría. Trala reedificación das dependencias monásticas, acométese a renovación da igrexa, na que a intervención máis destacada é a creación dun coro alto aos pés.

Hoxe en día só se conserva do Claustro Procesional o tramo inmediato á Porta dos Monxes e algúns restos coma os arcos formeiros, salvo o máis occidental, e as ménsulas de onde partían os arcos e nervios, dos cales aínda se conservan *in situ* os arranques da galería norte, é dicir, a adosada á igrexa. (fig. 3).

Valle Pérez sitúa a construción do claustro medieval a partir da ter-

ceira década do s. XIII (ca. 1225), é dicir, nos últimos anos da construción da igrexa abacial, xa que a construción do conxunto monacal se iniciaría polo templo, concretamente pola cabeceira da igrexa. Esta datación correspóndese coa que propón para a cociña do mosteiro¹⁷. Pero será no s. XVI cando se leve a cabo a reforma do mesmo. O claustro renacentista ten as mesmas dimensións có antigo claustro medieval. Así, no plano que nos proporciona Villaamil, dito claustro abranguería dende o arranque do brazo do cruceiro ata o penúltimo tramo da nave lateral sur. Pola contra, Valle Pérez sinala a posibilidade de que este chegase ata o penúltimo contraforte, quedando o último tramo da nave lateral do muro norte libre¹⁸. Nesta abrírase a Porta de Conversos, que aínda hoxe se conserva no interior, aínda que tapiada ao exterior debido a una obra neste tramo e no contiguo. Esta modificación é facilmente visible a través dunha lectura de paramentos, xa que o aparello que se utiliza é moi diferente do empregado no resto do templo. O mesmo autor identifica este espazo como o calexón de conversos, corredor que permitía a comunicación destes coa igrexa dende as dependencias monacais destinadas a eles, e que acostumaban estar situadas na parte occidental do claustro¹⁹. A institución dos irmáns conversos xa desaparecera facía moito tempo.

¹⁷ VALLE PÉREZ, J.C., Op. Cit. p. 175.

¹⁸ Ibidem.

¹⁹ Valle Pérez destaca que esta identificación é simplemente unha hipótese, é dicir, que malia que esta sexa a ordenación máis común, non se pode asegurar que fose a elixida neste caso. Así mesmo, advirte da existencia de mosteiros de planta análoga á de Meira, nomeando os casos de Fountains, Rievaulx e Jervaulx en Inglaterra, é dicir, que presentan o último ou os últimos tramos da nave libres de claustro na que se abre a porta de conversos. VALLE PÉREZ, J.C., Op. Cit. p. 186.

Nalgúns mosteiros aproveitase o espazo ocupado polas dependencias destinadas aos conversos para aumentar o novo claustro ou para construír o pazo abacial. Porén, Valle Pérez sinala que o perímetro do claustro procesional meirense se adaptou aos límites marcados polo precedente debido á boa conservación dalgunhas dependencias medievais (repetíndose o caso do mosteiro de Sobrado). A construción dos claustros renacentistas sobre as ruínas dos medievais é unha práctica habitual que se da por exemplo en Montederramo²⁰. Pero non en todos os casos se manteñen as dimensións dos claustros medievais, como se demostra en San Clodio. A este respecto cabe sinalar que nos mosteiros beneditinos o claustro procesional non mantén o perímetro do antigo claustro medieval senón que incrementa as súas dimensións debido, por unha parte, a que estas resultaban insuficientes, pois o número de monxes aumenta considerablemente, e, por outra parte, á busca da monumentalidade como reflexo do seu poder²¹.

Pérez Costanti²² sinala a Juan de la Sierra²³ como autor do claustro

procesional, indicando que o mestre santanderino tomou cargo de dita construción o 21 de agosto de 1585. Este estudioso non menciona a Juan de Cerecedo, quen emprendería as obras ata que é substituído por Juan de la Sierra. Barral Rivadulla está nesta mesma liña interpretativa ao citar a este mesmo mestre como autor do claustro²⁴. Por outra banda, Vila Jato data o claustro de Meira no último tercio do século XVI, nomeando a Juan de Cerecedo o Vello e a Juan de la Sierra como autores²⁵. Coinciden nesta apreciación García Cuetos e Goy Diz. Os dous consideran que este claustro resposta ao plan xeral que a Congregación de Castela lle encarga a Juan de Cerecedo e que se leva a cabo nos claustros de Montederramo, Melón, San Clodio e Oia. En 1559 morre Juan de Cerecedo e asume a dirección das obras Juan de la Sierra o Vello²⁶.

Pérez Costanti engade que dito claustro estaba composto por oito tramos por cada lado, cubertos con bóveda de crucería estrelada. Este mesmo autor sinala que no contrato da obra se especificaba que “*el claustro ha de llevar ocho capillas de*

cinco claves con sus combados y los arcos sus colgantes de buena talla, en las claves que llevan un florón que cuelguen un palmo. Hará una capilla para la entrada del coro, en la cual entrada se ha de hacer un arco y una puerta con sus molduras, conforme a la del monasterio de Sobrado.”²⁷.

Lampérez y Romea define esta estancia da seguinte forma: “*El claustro de Meira es de estilo ojival decadente, con bóvedas de crucería estrellada. En sus alas se abren algunos restos de las construcciones medievales, como el refectorio y la cocina; otros han desaparecido o están muy alterados.*”²⁸

Tendo en conta os datos aportados por Pérez Costanti e Lampérez y Romea, apoiándonos nos restos conservados do claustro meirense, así coma na planta proporcionada por Villaamil, podémonos facer unha idea de como sería dita estancia.

A cruxía inferior do claustro estaría cuberta nos oito tramos, como di Pérez Costanti, con bóvedas de crucería, das cales unicamente se conservan os arcos formeiros, de medio punto, e as ménsulas das que partían estes arcos. As ménsulas están

²⁰ GOY DIZ, A., “As reformas e ampliacións ...”. Op. Cit. p. 254.

²¹ GOY DIZ, A., “El resurgir de los monasterios...”. Op. Cit. p. 106.

²² PEREZ COSTANTI, P., Op. Cit. p. 514.

²³ Era irmán de Pedro de la Sierra. Aparece citado por primeira vez en Galicia en 1575 no testamento de Juan de Herrera. VILA JATO, M. D.; GARCÍA IGLESIAS, J. M., “Galicia en la época del Renacimiento”, en *Galicia. Arte*, Tomo XII, Ed. Hércules, A Coruña. pp. 188 y 189.

²⁴ BARRAL RIVADULLA, D., “El monasterio de Santa María de Meira. Crónica de la desaparición...”. Op. Cit. p.620.

²⁵ VILA JATO, M. D., Op. Cit. p.197.

²⁶ GARCÍA CUETOS, P. “Juan de Cerecedo, maestro de cantería al servicio de la Congregación de Castilla. La paradójica difusión de modelos arquitectónicos en el noroeste Peninsular” en *Actas del VIII Congreso del CEHA*, Cáceres, 1990. pp. 227-229. Obra citada por GOY DIZ, A., “As reformas e ampliacións dos mosteiros...”. Op. Cit. pp. 254 y 256.

²⁷ PÉREZ COSTANTI, P., Op. Cit. p. 514.

²⁸ LAMPÉREZ Y ROMEA, V., Op. Cit. p. 363.



Fig. 4. Bóveda. Tramo inmediato á Porta dos Monxes



Fig. 5. Claustro da Hospedaría



Fig. 6. Claustro da Hospedaría

decoradas con galóns ou estrías, ao igual que en Montederramo e distribúense en abanicos de catro nervios, que orixinarían bóvedas de crucería; das cales só se conserva a do tramo inmediato á Porta dos Monxes. Trátase dunha bóveda de crucería de rampante plano, cun complexo sistema de terceletes e combados e cinco claves decoradas con motivos florais resaltados. (Fig. 4).

Probablemente este piso inferior se abrise ao exterior por medio de arcos de medio punto sustentados por machóns cadrados, xa que é o modelo que se corresponde co plan xeral que leva a cabo Juan de Cerecedo o Vello. Non se esqueza que este arquitecto será o iniciador das obras de dito claustro e a quen se lle atribúe a parte inferior do claustro reglar de Montederramo, no que está presente este tipo de elemento sustentante.

Do piso superior non existen novas ou, cando menos, non se coñecen. Unicamente Pérez Costanti

fai referencia á construción dunha capela para a entrada do coro, e a que o acceso a dita estancia debería estar formado por un arco e unha porta con molduras, seguindo o modelo de Sobrado. Ao igual que a porta que comunica o claustro e a igrexa no Mosteiro de San Clodio²⁹, tamén en Meira se percibe o influxo da tratadística, sobre todo do Libro de Arquitectura de Serlio³⁰.

2. O Claustro da Hospedaría

A partir da incorporación dos diferentes mosteiros cistercienses á Congregación de Castela, o número de monxes en cada mosteiro medrou considerablemente, implicando reformas arquitectónicas. Pero non só había que dar aloxo aos monxes senón tamén aos hóspedes e peregrinos. Para tal fin levantáronse grandes hospedarías. Así, establécese unha diferenza entre un recinto destinado ao silencio e á meditación da comunidade, e unha parte do edificio vol-

cada cara o exterior, ás necesidades asistenciais, xurdindo así un novo claustro chamado da Hospedaría³¹ (figs. 5 e 6).

Según Torres Balbás, o esquema máis empregado no Claustro da Hospedaría é “... un tipo uniforme de grandes dinteles al que se presta admirablemente el granito (...) sostenidos por columnas de capiteles pseudodóricos con zapatas intermedias de modillones de volutas”³².

Do Claustro da Hospedaría de Meira só se conservan varios tramos da ala oeste, que hoxe en día forman parte das dependencias municipais³³. A distribución de dito corpo correspóndese co esquema indicado: dous pisos, o inferior de grandes arcos de medio punto sobre columnas xónicas con capiteis pseudoxónicos con collarino estriado³⁴, e o superior de dintel corrido e ornamentado con casetóns rectangulares que se sustenta sobre zapatas con volutas laterais sobre pilares entre antepeitos lisos.

²⁹ VILA JATO data esta porta en torno á terceira década do século XVII e a atribúe a Pedro de la Sierra, VILA JATO, M.D., Op. Cit. pp. 194-195.

³⁰ O Libro de Arquitectura de Serlio foi o que máis influencia tivo entre os talleres galegos debido non só ao seu carácter didáctico (debuxos) senón porque foi o primeiro en ser traducido. CÁMARA MUÑOZ, A., *Arquitectura y sociedad en el Siglo de Oro*, Ed. El Arquero, Madrid, 1990. p. 155.

³¹ Tamén recibe o nome de *Claustro dos Cabaleiros* (FRANCO TABOADA, J.A. y TARRÍO CARRODEGUAS, S.B., *Mosteiros e conventos de Galicia. Descripción gráfica dos declarados Monumento*, Ed. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2002. p. 134) ou Claustro da Portería. (BARRAL RIVADULLA, D., e LÓPEZ VÁZQUEZ, J. M., Op. Cit. p. 621.

³² TORRES BALBÁS, L., Op. Cit. pp. 49-50.

³³ O Claustro da Hospedaría ou da Portaría perviviu ata os nosos días en grande medida grazas ao uso continuado que se lle deu. Despois da Desamortización empregouse como escola, casa consistorial, cárcere, cuartel da garda civil ou casa reitoral. BARRAL RIVADULLA, D., Op. Cit. pp. 613 y 614.

³⁴ A partir de aquí denominarei a este tipo de capitel pseudoxónico con collarino estriado: *alcarreño*, xa que este tipo de capiteis beben directamente dos patróns alcarreños. GOY DIZ, A., “As reformas e ampliacións dos mosteiros...” Op. Cit. p. 256.

En canto á orixe da utilización deste tipo de sistema, fundamentalmente o emprego de zapatas, existen diferentes teorías. Nun principio, Torres Balbás³⁵ considera que os claustros dos mosteiros cistercienses deste período estarían inspirados na estrutura do claustro catedralicio santiagués. É dicir, aquel que cerra o claustro pola parte externa. Bonet Correa, pola contra, rebate esta teoría indicando que esta influencia é imposible xa que o claustro da Catedral é posterior aos claustros dos mosteiros cistercienses, incluso é posterior ao do Colexio de Fonseca³⁶. Este estudo considera que este tipo de galería adintelada con zapatas é similar á de Santiago, excepto no emprego das ordes. Nas galerías cistercienses emprégase o dórico e, en Santiago de Compostela, o xónico. Engade, ademais, que a súa orixe é castelá. Nesta mesma liña está Vila Jato quen puxo en relación o claustro de Mon-

tederramo co do pazo arcebispal de Alcalá de Henares³⁷.

Así mesmo, o tipo de columnas pseudoxónicas con capitel alcarreño, as ménsulas de arranque da crucería que no seu momento cubriría o piso inferior ou as zapatas da galería do piso alto, que segundo Vila Jato recordan a solucións de patios casteláns renacentistas, xa obsoletos nestes momentos, derivan de Cerecedo o Vello³⁸. Á mesma orixe corresponden os elementos decorativos como medallóns, rosetas, grutescos ou animais fantásticos que no caso de Meira non se conservan, ou non foron proxectadas, pero si se poden ver no claustro de Montederramo³⁹. O sistema de cuberta destes claustros é a base de bóvedas de crucería sobre ménsulas decoradas segundo se observa nos que se conservan. Este tipo de cuberta é similar á dos claustros procesionais, algo que Vila Jato considera lóxico dada a proximidade cronolóxica de ambos⁴⁰. Por todo isto, pódese pensar

que o sistema empregado no Claustro da Hospedaría de Meira fose a bóveda de crucería⁴¹.

Dende o punto de vista cronolóxico, a profesora Vila Jato estima que a construción destes claustros é simultánea ou moi pouco posterior na maioría dos mosteiros cistercienses. Apoiándonos nesta teoría poderíamos situar a construción do Claustro da Hospedaría nas últimas décadas do s. XVI, xa que os tres claustros que conservamos (o de Montederramo, o de Melón e o de San Clodio) dátanse arredor de 1580⁴². Tanto en San Clodio como en Montederramo traballa Juan de la Sierra. Non sabemos quen foi o autor do claustro de Meira, pero, tendo en conta que a construción dos dous claustros (Procesional e da Hospedaría) acostuma a ser simultánea, ou moi pouco posterior, e que o claustro procesional se lle atribúe a Juan de la Sierra, é plausible que este tamén sexa o autor deste claustro⁴³.

³⁵ TORRES BALBÁS, L., Op. Cit. pp. 48 y 49.

³⁶ BONET CORREA, A., *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*, C.S.I.C., Ed. Artes Gráficas Grijelmo, Bilbao, 1984. pp. 173-175.

³⁷ VILA JATO, M.D. y GARCÍA IGLESIAS, J.M. Op. Cit. p. 193.

³⁸ VILA JATO, M.D., Op. Cit. pp. 195-196.

³⁹ Cabe a posibilidade de que estes elementos decorativos non fosen deseñados dende un principio, xa que, por exemplo, no caso de San Clodio tampouco existen, debido, segundo Vila Jato, a que se corresponde cunha cronoloxía máis tardía, en torno aos últimos anos do século XVI no que a ausencia decorativa era o máis habitual. Esta explicación pódese trasladar ao caso de Meira pois, como indica Pérez Costanti, o mestre de obras trasmerano toma cargo das obras do claustro procesional en 1585, unha data bastante avanzada na que a falta de decoración imperaba na arquitectura; sempre e cando a construción do Claustro da Hospedaría fose máis ou menos coetánea ao Procesional.

⁴⁰ ÍDEM.

⁴¹ Porén, se tentamos buscar a razón de por que se empregan bóvedas de crucería nos claustros clasicistas, chegamos á conclusión do que Bonet Correa denomina como “clasicismo rural”. Trátase dunha loita de deseño arquitectónico clásico contra a tradición de corte de pedra dos canteiros locais e das estruturas góticas. BONET CORREA, A., Op. Cit. pp. 173-175.

⁴² VILA JATO, M.D., Op. Cit. p. 195.

⁴³ Na actualidade, a cruxía do claustro está ocupada polo Concello, Casa Consistorial e Oficina de Correos. Forma un ángulo recto coa fachada da igrexa. Dende o punto de vista construtivo pódese observar unha combinación de lousa e granito. Está organizado en dous pisos. Destaca a parte central flanqueada por catro pilastras, na que se abre a antiga porta de acceso ao interior do recinto monástico. Unha grande porta con arco de medio punto, sobre a que sobresa e un amplo balcón. A portada remátase por medio dunha arquitrabe decorada con triglifos, sobre a que se alza un frontón que protexe o escudo da Orde e da Congregación de Castela. Sobre este frontón, un corpo menor, rectangular, a modo de espadana, que aparece decorado por dous pares de pilastras que flanquean un escudo coas armas do Concello; este corpo menor atópase, á súa vez, rematado por un frontón partido, no que se ergue unha cruz. YEBRA DE ARES, A., Op. Cit. pp. 61-63.




Fig. 7. Acceso á Igrexa dende o Claustro Procesional.



Fig. 8. Nave da Epístola.

3. A Igrexa:

Na Igrexa lévanse a cabo dúas construcións: o Coro Alto, sito aos pés da nave central e unha dependencia adosada á cabeceira que recibe o nome de Chirola.

3.1. O Coro Alto:

O Coro Alto⁴⁴ hoxe en día unicamente ocupa os dous tramos finais da nave, pero pola lectura de paramentos, pode concluírse que chegaría a ocupar catro. A súa construción alterou demasiado a disposición da nave central, afectando moito máis á nave colateral, xa que se construíu, a finais do s. XVI, sobre o sexto tramo, unha estancia⁴⁵, acusada ao exterior e que serviría de acceso á igrexa dende o piso superior do Claustro Procesional ata o coro. Para isto, foi preciso

derrubar a bóveda de aresta do tramo e os dous arcos faxóns que darían acceso á nave central e delimitarían dito coro (figs. 7 e 8).

Constrúen entón novos soportes, moi rebaixados, sobre os que se dispoñen uns muros que salvan a diferenza de altura entre os novos arcos e as bóvedas dos tramos contiguos. Estas reformas afectaron tamén ao sexto formeiro, que conservou parte da dobradura e construíuse outro arco rebaixado. Abriuse a porta de comunicación entre o coro alto e o piso superior do claustro procesional, o que obrigou a cortar a parte superior da dobradura do arco primitivo. Sobre esta abriuse a xanela medieval que debeu ser tapiada⁴⁶.

A capela é de planta cadrada con cuberta de bóveda de crucería de

rampante plano, cun complexo sistema de terceletes e combados, con cinco claves decoradas con motivos florais resaltados. É dicir, o tipo de bóveda que se está empregando no Claustro Procesional. Ábrese á nave central por medio dunha porta adintelada, flanqueada por dúas pilastras con capitel toscano e fustes moldurados por estrías. Estes elementos sustentantes érguense sobre sinxelos basamentos⁴⁷.

3.2. A Chirola:

Outra reforma acometida no s. XVI na igrexa de Santa María de




Fig. 9. Acceso á Chirola

⁴⁴ O Coro Alto non se conserva. Os únicos coros altos do século XVI que se conservan na actualidade, aínda que levemente reformados, son os sotacoros dos Mosteiros de Oseira e Oia. Normalmente estas estancias ubícanse aos pés da igrexa e a súa parte inferior cóbrese cunha bóveda de crucería.

⁴⁵ Valle Pérez cre que esta estancia sería a capela para a entrada do coro. VALLE PÉREZ, J.C., Op. Cit. p. 179. Nesta mesma liña está Pérez Costanti. PÉREZ COSTANTI, P., Op. Cit. p. 514.

⁴⁶ BARRAL RIVADULLA, D., YÁÑEZ NEIRA, D., Op. Cit. p. 83. VALLE PÉREZ, J.C. Op. Cit. p. 179.

⁴⁷ Esta porta mantén a mesma distribución que a do mosteiro de Sobrado, aínda que no caso de Sobrado se dispón en esviaxe.

⁴⁸ Existen noticias da existencia desta dependencia nos mosteiros de Oia, Xunqueira de Espadanedo e en Montederramo. Dende o punto de vista formal, en Meira séguense os plantexamentos de Montederramo aínda que cunha solución máis sinxela.

Meira e na maior parte das igrexas cisterciense é a construción dunha Chirola⁴⁸. Esta dependencia adósase á ábsida central, dende a que se ten acceso por medio de dúas portas que se abren na capela maior, debaixo das xanelas (figs. 9 e 10).

Trátase dun pequeno recinto de planta cadrada cuxa finalidade se descoñece. Vila Jato considera que se trata dunha herdanza das xirolas medievais, un espazo que puido ser utilizado para algunha procesión litúrxica ou incluso para gardar reliquias⁴⁹. Pola súa parte, Villaamil y Castro indica que se trata dunha “... especie de oratorio, que es lo que los Bernardos llamaban la girola, virola o chirola y había también en otras iglesias cistercienses...”⁵⁰. Este tipo de estancias, sitas no mesmo lugar que en Meira, atópanse por exemplo en Monfero e en Oia (desaparecida). Sa Bravo defende que servirían para celebrar “*misa los sacerdotes que no pertenecían a la comunidad*”⁵¹. Yáñez Neira destaca a posibilidade de que se empregase “*para custodiar las santas reliquias*”⁵². Pola súa banda, Valle Pérez identifícaa como sacristías⁵³. Monterroso Montero considera que esta estancia puido



Fig. 10. Chirola

servir ao mesmo tempo como sacristía e capela-oratorio⁵⁴. A este respecto cabe sinalar que tanto en Montederramo como en Meira, existe na parte central do muro que comunica coa igrexa unha portada de arco de medio punto moi profunda que puido ser empregada como altar ou relicario⁵⁵.

Consta dun espazo principal cadrado, cuberto por unha bóveda de canón con falsos casetóns decorados con pinturas ao fresco dunha serie de santos cistercienses enmarcados nunhas cintas de ouro que seguen os contornos da pedra⁵⁶. Os de acceso a esta estancia son de planta semicircular.

Monterroso Montero analiza estas pinturas murais destacando tres aspectos fundamentais: o punto de vista formal, a cronoloxía e a autoría. Tendo en conta a “...*utilización de cartelas que hacen innecesaria la definición en profundidad del espacio, el dominio del color tonal, la capacidad de modelar lumínicamente los volúmenes de sus figuras,*

la libertad de su trazo, que coexiste con un cuidado dibujo”, sitúa esta obra en torno ao s.XVI. Porén, a data de execución enmárcaa en torno á segunda década do s.XVII, durante o abaciado de Frei Simeón de Salas (1623-1626) “... *quien según el abadologio publicado por Yáñez Neira, incrementó la ornamentación interior del grandioso templo*”. Nesta mesma liña está Vila Jato, quen o sitúa cronoloxicamente no primeiro terzo do s.XVII explicando que se seguen os mesmos plantexamentos de Montederramo (1614) e, en xeral, o carácter construtivo do taller de Simón de Monasterio⁵⁷.

En canto á súa autoría, Monterroso Montero destaca o descubrimento da sinatura dun pintor descoñecido chamado “*Joseph Bazquez*”. Por outra parte e dende o punto de vista iconográfico, algúns destes santos identifícanse polos seus nomes en latín, entre soles, lúas e anxos. Identifícase a San Bieito, San Alexandre, San Froilán, San Humberto, San Pedro, San Alarius, San Amadeo⁵⁸. A este respecto cabe advertir que no 1590, durante o abaciado de Alonso de Puebla (1587-1590), Meira adquiriu a condición de Colexio Maior de

⁴⁹ VILA JATO, M.D., Op. Cit. p. 215.

⁵⁰ VILLAAMIL Y CASTRO, J. Op. Cit. p. 100.

⁵¹ SA BRAVO, H, de, El Monacato en Galicia, Vol. 1. pp. 309-310.

⁵² YÁÑEZ NEIRA, D., “El Monasterio de Meira y sus abades”

⁵³ VALLE PÉREZ, J.C., Op. Cit. p. 181.

⁵⁴ MONTERROSO MONTERO, J.M., Op. Cit. p. 421.

⁵⁵ VILA JATO, M.D., Op. Cit. p. 215.

⁵⁶ VV.AA. “*Santa María de Meira*” en La Voz de Galicia, 20 de xaneiro de 2002. pp. 22- 23.

⁵⁷ O emprego deste tipo de bóveda, de canón casetonada, é máis utilizada no século XVII, facilmente explicable no caso de Meira polas influencias do foco monfortino, receptora, por tanto das solucións de Simón de Monasterio. VILA JATO, M.D. Op. Cit. p. 215.

⁵⁸ VV.AA. “*Santa María de Meira*” en La Voz de Galicia, 20 de xaneiro de 2002. pp. 22- 23.

Filosofía, chegando a ser un dos máis importantes que tivo a Congregación de Castela⁵⁹. Monterroso Montero sinala esta circunstancia como xustificante de que nesta capela se represente un repertorio de santos da Orde. Esta mesma explicación pódese aplicar ás frases do Xénese e do Libro da Sabiduría⁶⁰ que presiden as paredes setentrional e meridional e os dous corredores que comunican coa capela maior e que se entenden tanto nun oratorio como nunha sacristía.

Renovación dos bens mobles

Unha vez feitas as reformas arquitectónicas máis urxentes, este labor de renovación arquitectónica completárase coa realización de retablos e imaxinería. A maioría dos retablos datan do século XVIII, aínda que existen algúns coma os de Xunxeira de Espadanedo e o maior de Oia do XVI.

Monterroso Montero determina, segundo datos proporcionados por D. José Sanfíz, o ano 1677 como data de creación do retablo maior, hoxe en día no brazo sur do cruceiro da igrexa. Por contra, Yáñez Neira indica o abaciado de Fray Ángel De Mercado (1674-1677) como data de

construción de dito ben moble. En canto á autoría, este estudoso indica ao mesmo taller que traballou en Monfero "... seguramente baixo la dirección de Jerónimo de Castro, artista que figura, junto al pintor Juan Carballo, entre los testigos del contrato firmado en 1689 para la pintura, dorado y estofado del baldaquino de Oseira"⁶¹.

Na parte central represéntase a Lactación, ademais as imaxes de San Bernardo e San Bieito no remate e dúas escenas pintadas na súa predela, nas que se recollen o descanso da Fuxida a Egipto e San Xaquín e Santa Ana ensinando a ler á Virxe, tema pouco reproducido no terceiro tercio do s.XVII⁶². Esta mesma iconografía repítese no baldaquino de Oseira datado entre 1678 y 1689, época na que Domingo Antonio de Andrade estaría traballando no proxecto.

No século XVIII constrúense os dous retablos das ábsidas laterais do brazo sur do cruceiro. M^a. Carmen Folgar sitúa a súa construción durante o abaciado de Don Fernando Carralero (1744-1747), concretamente na década de 1730. E atribúe dita obra ao taller de Fernando de Casas e Simón Rodríguez que por esta época están traballando na capela da Virxe

dos Ollos Grandes da catedral de Lugo. Tendo en conta que non temos documentación sobre estes retablos, M. Carmen Folgar reforza a súa teoría sobre a autoría da obra baseándose nas características técnicas. É dicir, o tipo de estípite do corpo principal, o deseño das cabezas dos anxos, dos acantos e das volutas e a disposición en esviaxe dos laterais buscando un efecto de profundidade⁶³

BIBLIOGRAFÍA

- BARRAL RIVADULLA, D. e YÁÑEZ NEIRA, Fr. D., "Santa María de Meira" en *Monasticón Cisterciense Gallego*, V.2, Caixavigo e Ourense, León, 2000, pp. 58-95.
- BARRAL RIVADULLA, D., "El monasterio de Santa María de Meira. Crónica de la desaparición y recuperación de una fábrica", en *Estudios sobre Patrimonio Artístico*, Ed. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2002, p. 611.
- BONET CORREA, A., *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*, C.S.I.C., Ed. Artes Gráficas Grijelmo, Bilbao, 1984, pp. 173-175.
- CABARCOS FERNÁNDEZ, I., *Bases, fustes e capiteis*, Ed. Deputación

⁵⁹ O colexio de Meira xurdiu no 1590 e chegou a ser o colexio maior de filosofía da Congregación. SA BRAVO, H.de, Op. Cit. pp. 156 y 157.

⁶⁰ *—VERE DOMINUS EST IN LOCO ISTO (Gen. 28.16) e NON EST HIC, ALIUD, NISI DOMUS DEI ET PORTA GAELI (Gen. 28.17) "Ciertamente Yavé está en este lugar, y yo no lo sabía... Nada menos que la casa de Dios y la puerta del cielo"—, además de entenderse como un lugar apto para la meditación y la reflexión—(UNUS ERGO INTROCTUS) EST OMNIBUS AD VITAM... ET SIMILIS EXITUS (Sapientiae Caput 7.6) "que una es la entrada en la vida para todos, y una la salida"*. MONTERROSO MONTERO, J.M., Op. Cit. p. 421.

⁶¹ MONTERROSO MONTERO, J.M., "Las artes figurativas en los monasterios cistercienses gallegos durante la Edad Moderna" en *Arte del Cister en Galicia y en Portugal*, Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, p.405.

⁶² *Ibidem*.

⁶³ FOLGAR DE LA CALLE, M. C., "La arquitectura de los monasterios cistercienses de Galicia desde el Barroco hasta la Desamortización", en *Arte del Cister en Galicia y Portugal*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza/Fundação Calouste Gulbenkian, 1998, p. 320.

- Provincial de Lugo, Lugo, 2005, pp. 85-87.
- FOLGAR DE LA CALLE, M. C., “La arquitectura de los monasterios cistercienses de Galicia desde el Barroco hasta la desamortización”, en *Arte del Císter en Galicia y Portugal*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza/Fundação Calouste Gulbenkian, 1998, p. 320.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, C., “La Reforma de las Órdenes de San Benito y del Císter en Galicia en tiempos de Carlos V”, en *El Reino de Galicia en la época del emperador Carlos V*, Ed. Xunta de Galicia, 2000, pp. 23-62.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, C., “Los monasterios cistercienses gallegos en tiempos de Felipe II”, en *Monasticum*, Ed. Rafael Fernández López, Santiago de Compostela, 1999.
- FRANCO TABOADA, J.A. e TARRÍO CARRODEGUAS, S.B., *Mosteiros e conventos de Galicia. Descripción gráfica dos declarados Monumento*, Ed. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2002, p. 134.
- MARIÑO VEIRAS, D., *Señorío de Santa María de Meira ss. XII-XVI*, Ed. Nós, La Coruña, 1983, p. 159.
- MONTERROSO MONTERO, J.M., “Las artes figurativas en los monasterios cistercienses gallegos durante la Edad Moderna” en *Arte del Císter en Galicia y en Portugal*, Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1998, p.405.
- SA BRAVO, H. de, *El monacato en Galicia*, Ed. Librigal, A Coruña, 1972.
- SA BRAVO, H. de, *Monasterios III*. Cuadernos de Arte Gallego, A Coruña, 1965.
- VÁQUEZ SACO, F., “Iglesia parroquial de Santa María de Meira”, no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, T.V, pp. 41-45.
- VALLE PÉREZ, J.C., *La arquitectura cisterciense en Galicia*, Ed. Colección “Obradoiro”, Santiago de Compostela, 1954.
- VARELA ARIAS, M^o.E., *La escultura medieval en el Museo Provincial de Lugo: Ensayo de catalogación*. Tese de licenciatura inédita, Santiago de Compostela, 1984. N^o 13, pp. 63, 65.
- VV.AA., *Monasterios del Cister en Galicia*, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, VI Exposición con motivo del VIII centenario de la muerte de San Bernardo, Santiago de Compostela, 1953.
- VV.AA. “Santa María de Meira” en *La Voz de Galicia*, 20 de xaneiro de 2002, pp. 22- 23.
- YAÑEZ NEIRA, D., “El Monasterio de Meira y sus abades”.
- YEBRA DE ARES, A.B., “Arquitectura cisterciense en Santa María de Meira” en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, T. 6, 1993/1994, pp. 61-63.
- YZQUIERDO PERRÍN, *Historia del Arte Gallego*, Ed. Hércules, A Coruña.

Fontes das imaxes:

Fig. 1: Villamil y Castro, J. *Iglesias gallegas de la Edad Media*, Madrid, 1904, páx. 99.

Fig. 2: CHAMORRO, E. e LOBATO, X. Coord., *La Galicia de los Monasterios*, Ed. La Voz de Galicia, A Coruña, páxs. 172,173.

Fig. 6: Torres Balbás, *Los monasterios Cistercienses de Galicia*, ed. “Colección Obradoiro”, Santiago de Compostela, 1954.